



CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026 (CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE, TITULARIDADES DE UNIVERSIDADE E PROFESORADO PERMANENTE LABORAL)

O Consello de Goberno de 9/3/2026 aprobou a Oferta de Emprego Público (OEP) de PDI do ano 2026 que, tras a autorización por parte da Xunta de Galicia, se publicou no Diario Oficial de Galicia núm. 62 do 6 de marzo de 2026.

O Consello de goberno de 9/3/2026 aprobou o Regulamento 1/2026 polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña que habilita á Vicerreitoría de Profesorado para realizar a convocatoria de cara á selección de cátedras de universidade, titularidades de universidade e prazas de profesor/a permanente laboral segundo os procedementos nel recollidos.

Bases da convocatoria

1. Finalidade

A finalidade desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento nas que se realizará a convocatoria pública dos concursos correspondentes á oferta de emprego público do ano 2026 de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña aprobada polo Consello de goberno de 9/03/2026, ás que se suman prazas pendentes de execución das Ofertas de emprego público de 2025 e 2024 aprobadas polo Consello de goberno de 27/3/2025 e 1/3/2024, respectivamente:

- 17 prazas de acceso por promoción interna ao corpo de Catedráticos/as de Universidade, das que 1 se reserva para persoas con discapacidade.
- 19 prazas de acceso ao corpo de Titulares de Universidade, das que 4 se reservan para para persoas con certificado I3/R3, de preferencia pertencentes ao programa Ramón y Cajal. Do total, 2 resérvanse para persoas con discapacidade.
- 41 prazas de acceso á categoría de Profesor/a Permanente Laboral, das que 5 se reservan para persoas con certificado I3/R3, de preferencia pertencentes ao programa Ramón y Cajal. Do total, 2 resérvanse para persoas con discapacidade.

2. Requisitos das persoas candidatas

As persoas que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas das categorías relacionadas a continuación deberán reunir os respectivos requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

2.1. Concursos de Catedrático/a de Universidade

- Ter a condición de Titular de Universidade ou Catedrático/a de Escola Universitaria con praza en posesión na Universidade da Coruña e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo esa condición.
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Catedráticos/as de Universidade.



2.2. Concursos de Profesor/a Titular de Universidade

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Contratado/a Doutor/a, de Profesor/a Permanente Laboral, de Axudante Doutor/a ou con cargo ao programa Ramón y Cajal ou outros programas de ciencia excelente con compromiso de estabilización.
- Estar en posesión da acreditación nacional para o acceso ao corpo de Profesores/as Titulares de Universidade.
- No seu caso, estar en posesión do certificado I3/R3.

2.3. Concursos de Profesor/a Permanente Laboral

- Estar contratado/a pola Universidade da Coruña coa categoría de Axudante Doutor/a, estar contratado a tempo completo no momento de entrada en vigor da LOU e continuar nesta situación no momento de entrada en vigor do Decreto 101/2004 de 13 de maio (DOG de 26 de maio) ou estar contratado con cargo ao programa Ramón y Cajal ou outros programas de ciencia excelente con compromiso de estabilización.
- Estar en posesión dunha avaliación positiva para acceder á categoría de Profesor/a Permanente Laboral.
- No seu caso, estar en posesión do certificado I3/R3.

2.4. Reserva de prazas para persoas con discapacidade

Para ser admitido/a no presente procedemento para calquera das prazas reservadas para persoas con discapacidade, os/as aspirantes que pretendan optar a que se convoque na súa área de coñecemento unha das prazas desta reserva, ademais de reunir os requisitos indicados para a categoría correspondente, deberán xustificar un grao de discapacidade superior ou igual ao 33% na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Solicitudes e documentación

As solicitudes para participar axustaranse ao anexo I desta convocatoria e dirixiranse á Vicerreitoría de Profesorado da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. Atendendo ao disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, o/a interesado/a deberá presentar a súa solicitude exclusivamente a través do rexistro electrónico da Sede Electrónica da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

Coa instancia achegarase necesariamente unha copia simple do certificado de Acreditación Nacional ao corpo de Catedráticos/as de Universidade ou Profesores/as Titulares de Universidade expedido polo Consello de Universidades ou pola ANECA, ou da avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a resolución de acreditación pola ANECA.

As persoas interesadas autorizan á Universidade da Coruña a publicación, só para os efectos desta convocatoria, dos datos relativos á súa antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña e da data na que se acadou a acreditación nacional ao corpo de Catedráticos/as de Universidade ou Profesores/as Titulares de Universidade, ou a avaliación positiva para Profesor/a Contratado/a Doutor/a, segundo o caso.



No caso de optar por unha das prazas da reserva para persoas con discapacidade, achegarase ademais unha copia simple actualizada da certificación do recoñecemento do grao de discapacidade.

As persoas que opten a unha das prazas da reserva I3/R3 achegarán a correspondente certificación.

As persoas que non entraron na adxudicación de prazas para cada un dos corpos docentes e/ou categorías na relación definitiva de admitidos/as da Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2025 en relación á convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, de Profesor/a Titular de Universidade e de Profesor/a Permanente Laboral (publicada no TEO o 31/07/2025) non terán que presentar unha nova solicitude e inclúense de oficio e a título informativo nos anexos II e III en relación ordenada alfabeticamente.

O profesorado Axudante Doutor/a que remata o seu contrato antes do 31 de agosto de 2027 quedará incluído de oficio nesta convocatoria na prelación de prazas de profesorado permanente laboral sen necesidade de presentar a súa solicitude (anexo IV), agás que renuncie expresamente á súa participación.

O persoal investigador con compromiso de estabilidade e con reserva de praza dos programas de retención e captación de talento da Universidade da Coruña inclúense de oficio nesta convocatoria sen necesidade de presentar a súa solicitude (anexo V).

Se houber persoas incluídas nos anexos II, III ou IV que desexen optar a unha das prazas da reserva para persoal co certificado I3/R3 deberán presentar a súa solicitude indicando esta circunstancia.

4. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Profesorado publicará no TEO a resolución coa prelación provisional de persoas admitidas e excluídas que solicitaron a convocatoria na súa área de coñecemento dunha praza de Catedrático/a de Universidade, de Profesor/a Titular de Universidade ou de Profesor/a Contratado/a Doutor/a.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante a Vicerreitoría de Profesorado no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, a prelación definitiva das persoas candidatas publicarase no TEO.

5. Criterios para o establecemento da prelación

Coas solicitudes que cumpran os requisitos de participación, a Vicerreitoría realizará a prelación correspondente tendo en conta os seguintes criterios:

5.1. Concursos de Catedrático/a de Universidade e de Titular de Universidade:

- A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.
- No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña, entendida como a recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de



Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e da recoñecida no expediente persoal nos programas de formación posdoutoral.

O resultado da antigüidade exprésarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o que primeiro accedese a un dos corpos ou categorías de profesorado.

- O resultado da prelación das cinco primeiras prazas de Catedrático/a de Universidade dará lugar á convocatoria dunha praza por cada rama de coñecemento. Nas seguintes prazas non existirá ningunha restrición de rama. Estas ramas serán as correspondentes á Comisión de Acreditación que conste no Certificado de Acreditación Nacional. Nas prazas de Titular de Universidade non se terá en conta a rama de coñecemento.
- O resultado da prelación das primeiras prazas de Titular de Universidade corresponderán ás candidaturas do profesorado Contratado Doutor, Permanente Laboral ou Profesorado funcionario do INEF. No caso en que as candidaturas seleccionadas non cubran todas as prazas ofertadas, seleccionarase entre as candidaturas presentadas polo profesorado Axudante Doutor.
- No caso de presentarse candidaturas para a reserva de prazas para persoas con discapacidade, se o número de candidaturas fose superior ás prazas ofertadas, seguirase a orde establecida nos criterios anteriores. O/A candidato/a que non obteña unha destas prazas reservadas, incluírase na prelación ordinaria no lugar que lle corresponda.
- O resultado da prelación das primeiras prazas de Titular de Universidade pola quenda I3/R3 corresponderán ás candidaturas de persoas contratadas con cargo ao programa Ramón y Cajal, que se incluírán de oficio.

5.2. Concursos de Profesor/a Permanente Laboral:

- O resultado da prelación das primeiras prazas corresponderá ás candidaturas do profesorado que estivese contratado a tempo completo no momento de entrada en vigor da LOU e que continuase nesta situación no momento de entrada en vigor do Decreto 101/2004 de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e do profesorado axudante doutor que remate o seu contrato antes do 31 de agosto de 2026.
- No caso de que as candidaturas seleccionadas segundo os criterios anteriores non cubran todas as prazas ofertadas, terán prioridade para cubrir as restantes as de profesorado Axudante Doutor que teñan unha data anterior de finalización de contrato. No caso de empate na data de finalización do contrato, terán preferencia as persoas que contén con maior antigüidade como persoal docente na UDC.
- No caso de que as candidaturas de profesorado axudante doutor non cubrisen a totalidade das prazas, consideraranse as de profesorado Contratado Interino de Substitución contratado a tempo completo. A orde de prelación será a suma das seguintes valoracións:

a) Antigüidade na data de acreditación –entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación– a 1 de xaneiro do ano de realización da convocatoria de



execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano calcularanse de forma proporcional.

b) Antigüidade como persoal docente na UDC, a 1 de xaneiro do ano de aprobación da convocatoria da execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano de calcularanse de forma proporcional.

- No caso de presentarse candidaturas para a reserva de prazas para persoas con discapacidade, se o número de candidaturas fose superior ás ofertadas, seguirase a orde establecida nos criterios anteriores. O/A candidato/a que non obteña unha destas prazas reservadas, incluírase na prelación ordinaria no lugar que lle corresponda.
- O resultado da prelación das primeiras prazas de Profesorado Permanente Laboral pola quenda I3/R3 corresponderán ás candidaturas de persoas contratadas con cargo ao programa Ramón y Cajal, que se incluírán de oficio.

6. Norma final

O resultado desta convocatoria publicarase no TEO e comunicarase aos departamentos afectados para que realicen os trámites oportunos.

7. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión da execución da oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

O correo da Delegada de Protección de Datos da UDC é dpd@udc.gal.

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

7. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá o/a interesado interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade



da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA LISTAXE DE PRELACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2026 DE PRAZAS DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE, DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE E DE PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

APELIDOS, NOME DO/A PROFESOR/A :	DNI:
CATEGORÍA ACTUAL:	
DATA DA ACREDITACIÓN:	
ÁREA DE COÑECEMENTO:	

2. SOLICITUDE

Solicito a convocatoria dunha praza de:

- Catedrático/a de Universidade
- Profesor/a Titular de Universidade
- Profesor/a Permanente Laboral

Conto con certificado I3 e acredito ser/ter sido investigador/a doutor/a que finaliza/finalizou o Programa Ramón y Cajal ou un programa de excelencia, nacional ou internacional.

Solicito unha praza da reserva para persoas con discapacidade.

Segundo as disposicións contidas no Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña (aprobado por acordo do Consello de Goberno do 09/03//2026).

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

Copia simple do certificado de acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade/ Titulares de Universidade/ Profesor/a Contratado/a Doutor/a expedido polo Consello de Universidades ou notificación da ANECA/CGIACA do resultado favorable da solicitude de acreditación.

Certificado I3/R3 e acreditación de ser/ter sido investigador/a doutor/a que finaliza/finalízase o Programa Ramón y Cajal ou un programa de excelencia, nacional ou internacional, e, de ser o caso resolución de equiparación emitido pola Secretaría General de Universidades.

Certificación actualizada do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para persoas con discapacidade.

A sinatura da solicitude implica a autorización á Universidade da Coruña a publicar, só para os efectos desta convocatoria, os datos de antigüidade como Persoal Docente e Investigador na Universidade da Coruña, a data de acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade/Titulares de Universidade/ Profesor/a Contratado/a Doutor/a, e a solicitude dunha praza para persoas con discapacidade, de acordo cos criterios aplicados para a resolución desta convocatoria.

A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2026
Sinatura



Anexo II

Solicitudes admitidas na Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2025 (resolución definitiva publicada o 31/07/2025) e que non puideron convocarse.

Solicitudes para prazas de Catedrático/a de Universidade (ordenado alfabeticamente):

Nome	Área de coñecemento	Rama de coñecemento
A C, A M	Dereito Constitucional	
A P, M A	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial	
Á B, M P	Dereito Financeiro e Tributario	Ciencias Sociais e Xurídicas
A Á, J	Enxeñaría Hidráulica	Enxeñaría e Arquitectura
A C, C I	Dereito Administrativo	Ciencias Sociais e Xurídicas
B G, A	Mecánica de Medios Continuos e T ^a Estruturas	Enxeñaría e Arquitectura
B F, M	Bioquímica e Bioloxía Molecular	Ciencias
B C, V	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial	Enxeñaría e Arquitectura
C D, D J	Comercialización e Investigación de Mercados	Ciencias Sociais e Xurídicas
C S, A R	Economía Financeira e Contabilidade	
C D, V M	Enxeñaría Telemática	
C A, E	Historia do Dereito e das Institucións	Ciencias Sociais e Xurídicas
C C, M P	Didáctica da Lingua e a Literatura	Ciencias Sociais e Xurídicas
C L, M G	Medicina	Ciencias da Saúde
L P, C	Fisioloxía	
E S, J M	Filoloxía Inglesa	Arte e Humanidades
F A, P	Construcións Navais	
F G, R M	Psicobioloxía	Ciencias Sociais e Xurídicas
F P-S, M C	Filoloxía Galega e Portuguesa	
F B, X X	Dereito Procesual	
F B, I M	Anatomía e Embrioloxía Humana	
G N, J A	Tecnoloxía Electrónica	Enxeñaría e Arquitectura
G C, M J	Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría e Arquitectura
G T, M	Matemática Aplicada	Ciencias
G D, A M	Paleontoloxía	Ciencias
L D, A J	Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría e Arquitectura
L A, U	Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría e Arquitectura
M B, R	Socioloxía	Ciencias Sociais e Xurídicas
M L, M	Socioloxía	Ciencias Sociais e Xurídicas
M L, J M	Didáctica da Expresión Plástica	Ciencias Sociais e Xurídicas
M F, M J	Enfermaría	



N M, F	Mecánica de Medios Continuos e T ^a Estruturas	
N O, M	Enxeñaría e Infraestructura dos Transportes	
N B, J	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial	Enxeñaría e Arquitectura
O A, A	Enxeñaría e Infraestructura dos Transportes	
P L, J	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial	Enxeñaría e Arquitectura
P L, J	Matemática Aplicada	
Q L, J A	Dereito Intern. Público e Relac. Internacion.	
R V, J A	Dereito Penal	Ciencias Sociais e Xurídicas
R L, M A	Linguaxes e Sistemas Informáticos	Enxeñaría e Arquitectura
R M, S	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	Ciencias Sociais e Xurídicas
R S, J M	Matemática Aplicada	
S A, S	Fisioloxía	
S P, G	Enxeñaría da Construción	Enxeñaría e Arquitectura
S N, D	Linguaxes e Sistemas Informáticos	Enxeñaría e Arquitectura
S L, J J	Tecnoloxías do Medio Ambiente	Enxeñaría e Arquitectura
T S, J	Estatística e Investigación Operativa	Ciencias
T V, M J	Enxeñaría Mecánica	Enxeñaría e Arquitectura
V R, C	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	Enxeñaría e Arquitectura
V R, M	Historia e Institucións Económicas	Ciencias Sociais e Xurídicas



ANEXO III

Solicitudes admitidas na Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2025 (resolución definitiva publicada o 31/07/2025) e que non puideron convocarse.

A) Solicitudes para prazas de Profesor/a Titular de Universidade (ordenado alfabeticamente):

Nome	Área de coñecemento
Á Á, A I	Enfermaría
B G, M	Economía Aplicada
C B, A	Fundamentos da Análise Económica
C G, E	Socioloxía
C B, J J	Máquinas e Motores Térmicos
C R, N	Dereito Civil
C P, V	Comercialización e Investigación de Mercados
C P, R M	Ciencias e Técnicas da Navegación
D R, C	Socioloxía
F B, S	Enfermaría
F C, R	Estatística e Investigación Operativa
F I, D	Enxeñaría Telemática
F L, M Á	Dereito Penal
G R, Z	Composición Arquitectónica
G T, M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
G B, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
G S, T F	Didáctica e Organización Escolar
J P, E	Enxeñaría de Sistemas e Automática
L A, V	Educación Física e Deportiva
L C, V A	Expresión Gráfica Arquitectónica
L C, A	Estatística e Investigación Operativa
L G, M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
L G, C J	Urbanística e Ordenación do Territorio
M C, S	Comunicación Audiovisual e Publicidade
M R, R	Proxectos de Enxeñaría
M A, A	Organización de Empresas
M F, L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
N C, T	Xornalismo
O C, J M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
P M, X C	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
P G, Y	Didáctica das Ciencias Sociais



P D, S	Medicina Preventiva e Saúde Pública
P A, E	Socioloxía
R G, V	Fisioterapia
R T, A	Socioloxía
S A, E	Comercialización e Investigación de Mercados
S G, E	Socioloxía
S C, C	Didáctica da Matemática
T V, R	Matemática Aplicada
V G, F A	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogram.
V C, D	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
V C, J	Fisioterapia

B) Solicitudes para prazas de Profesor/a Permanente Laboral (ordenado alfabeticamente):

Nome	Área de coñecemento
Á G, M A	Enxeñaría Telemática
A C, M M	Filoloxía Inglesa
A F, I	Máquinas e Motores Térmicos
B G, M	Economía Aplicada
C G, M	Didáctica da Expresión Corporal
C B, J J	Máquinas e Motores Térmicos
C C, P	Comunicación Audiovisual e Publicidade
C Á, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
C P, V	Comercialización e Investigación de Mercados
M R, J J	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
E F, C	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
F C, A M	Economía Financeira e Contabilidade
F M, I	Didáctica e Organización Escolar
F G, S	Construcións Navais
F L, P	Tecnoloxía Electrónica
F V, C	Enfermaría
G C, M C	Organización de Empresas
G R, N M	Didáctica da Lingua e a Literatura
G M, D	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
G B, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
G L, T	Historia e Institucións Económicas



L M, P	Construcións Arquitectónicas
L F, L	Radioloxía e Medicina Física
LA, Á M	Economía Financeira e Contabilidade
LA, V	Educación Física e Deportiva
L C, V A	Expresión Gráfica Arquitectónica
L S, J G	Matemática Aplicada
L C, J J	Didáctica e Organización Escolar
L H, I	Filoloxía Galega e Portuguesa
M L, J I	Economía Aplicada
M R, R	Proxectos de Enxeñaría
M S, A E	Enfermaría
M P, M E	Comercialización e Investigación de Mercados
M M, A	Dereito Intern. Público e Relac. Internacion.
MA, A	Organización de Empresas
M F, L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
M D, A	Construcións Navais
O C, J M	Comunicación Audiovisual e Publicidade
P C, J M	Ciencias e Técnicas da Navegación
P L, J B	Economía Aplicada
R G, L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
R F, N	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
R M, A	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
R S, M	Enfermaría
S C, L	Construcións Navais
S C, F	Linguaxes e Sistemas Informáticos
V R, T	Linguaxes e Sistemas Informáticos
V B, L	Didáctica das Ciencias Experimentais
V S, R	Enfermaría
V C, D	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
Z G, F	Enxeñaría de Sistemas e Automática



ANEXO IV

Profesorado Axudante Doutor que remata o seu contrato antes do 31 de agosto de 2027, admitidos de oficio para prazas de Profesorado Permanente Laboral (ordenado alfabeticamente):

Nome	Área de coñecemento
A F, I	Máquinas e Motores Térmicos
B N, M	Teoría e Historia da Educación
B A, A I	Bioquímica e Bioloxía Molecular
C F, I	Socioloxía
C S, G F	Didáctica da expresión Plástica
C G, M	Didáctica da expresión Corporal
C P, M L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
C S, F	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
C L, M	Dereito Mercantil
C F, A	Didáctica da expresión Musical
C Á, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
C L, L	Zooloxía
C P, V	Comercialización e Investigación de Mercados
E F, C	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
F V, C	Enfermaría
G C, M C	Organización de Empresas
G B, A	Linguaxes e Sistemas Informáticos
G L, T	Historia e Institucións Económicas
L G, M E	Historia da Arte
L A, V	Educación Física e Deportiva
M C, E	Filoloxía Alemá
M P, M E	Comercialización e Investigación de Mercados
M, L	Filoloxía Inglesa
M R, A	Filoloxía Inglesa
M F, L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
P C, J M	Ciencias e Técnicas da Navegación
Q S, A	Dereito Financeiro e Tributario
R G, L	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial
S C, F	Linguaxes e Sistemas Informáticos
V C, D	Ciencia da Computación e Intelix. Artificial



ANEXO V

Persoal investigador de programas de excelencia con compromiso de estabilización que rematan o seu contrato antes do 31 de agosto de 2027, admitidos de oficio para prazas de Profesorado Permanente Laboral ou Titular de Universidade (ordenado alfabeticamente):

Nome	Área de coñecemento
B N, S	Física Aplicada
B F, R J	Química Orgánica
C F, A	Química Orgánica
G P, I J	Química Física
G F, G M	Paleontoloxía
H H, A	Xeodinámica externa
I P, Ó	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
M F, S	Psicoloxía Evolutiva e da Educación